

RESOLUCIÓN. Aprobación lista definitiva persoas admitidas selección praza albanel PEL.

Exp. 485/2023 Visto a Resolución da Alcaldía 315/2023, de data 19 de abril de 2023, pola que se aproba a lista provisional de persoas admitidas para a selección dunha praza de albanel, incluída dentro do Programa de Integración Laboral da Provincia da Coruña.

Visto que en data 19 de abril de 2023 procedeuse á publicación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas en dito proceso na Sede Electrónica do Concello de Cabanas, outorgando un prazo de dous (2) días hábiles, a efecto de presentación de reclamación e/ou alegacións oportunas.

Rematado o prazo de alegacións outorgado, de acordo co disposto nas bases da convocatoria e as atribucións que me outorga o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que a seguir se detallan, para a selección de unha **praza de albanel**:

Apelidos e nome	D.N.I.	Admitido/a	Motivo exclusión
Lapido Doldán, Pablo	***3390**	Si	-
Rey Fachal, Nicolás	***4208**	Si	-
Santamariña Otero, Antonio	***6058**	Si	-

Segundo. De conformidade co establecido no punto 7 e 8 das bases da convocatoria, procédese á designación dos membros do Tribunal Cualificador, que estará constituído polas seguintes persoas:

Presidenta: Irene Suárez López, Secretaria-Interventora do Concello de Cabanas.

Vogais:

Juan Carlos Anca Santos, funcionario de carreira do Concello de Cabanas

María José López Venancio, funcionaria de carreira do Concello de Cabanas

José Javier Fonte Varela, funcionario de carreira do Concello de Cabanas

Secretaria: Susana Fernández Muiño, funcionaria de carreira do Concello de Cabanas

Terceiro. Convocar aos membros do Tribunal Cualificador para a súa constitución e determinación do contido das probas da fase de oposición para o día 4 de maio de 2023, ás 08:30, no Salón de Sesións do Concello de Cabanas.

Cuarto. Convocar ás persoas aspirantes admitidas para o desenvolvemento da fase de oposición para o día 4 de maio de 2023, ás 12:00 horas, no Salón de Sesións do Concello de Cabanas.





Quinto. Publicar o contido da presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

O acorda e asina dixitalmente o Sr. Alcalde, Carlos Ladra Brage, en Cabanas, na data que consta á marxe, do que eu, Irene Suárez López, como Secretaria, dou fe.

